



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Pleno do Comité Nº 40 - 3 de outubro de 2014

Gravacións en comercial, CTNC, OdR e prórroga do Convenio.

1.- Actas: Entregado o borrador da acta 39, as anteriores están aprobadas e asinadas.

2.- Comisións: Falouse das dúas últimas reunións do Comité Provincial de Seguridade e Saúde (xullo e setembro), destacamos os seguintes temas: tratouse o accidente dun compañeiro da contrata que caeu dun poste que partiu a 15 cm por baixo do chan. Seica fixo as comprobacións obrigatorias pero o poste cedeu cando estaba tensando unha acometida.

Dende a CIG indicamos que non se está a tomar en serio o tema dos postes e os tendidos de cable en mal estado, a empresa di pola boca pequena que hai que pasar nota cando vemos algunha destas anomalías pero logo non facilita o tempo preciso para tomar os datos necesarios e pasar a incidencia, está claro que non lles interesa coñecer estas situacións.

Os accidentes poden ter lugar aínda que se fagan todas as revisións e as comprobacións necesarias, pero se non se revisan como é debido os postes (dedicando o tempo necesario) e non se cambian os que están en mal estado, estamos poñendo en perigo a seguridade e a saúde dos traballadores, e das persoas que pasen preto dun poste ou un tendido en mal estado.

Outro dos temas que se tratou foi o das chamadas da mutua cando estamos de baixa, agora a mutua pode chamar dende o primeiro día e citarnos despois do cuarto. O que está claro é que a nova lei sobre as mutuas dálle aínda máis poder para presionar aos traballadores para que se dean de alta canto antes, aínda que non estean para traballar. O negocio das mutuas, e das empresas que as contratan, vai precisamente diso: presionar para que nos incorporem a traballar canto antes, esteamos ou non en condicións. Neste punto tamén se comentou que o traballador non ten a obriga de entregarlle informes médicos á mutua aínda que os pidan, será o traballador o que decida facelo ou non.

Sobre os temas pendentes e temas novos estamos co mesmo de sempre, incidencias que levan meses e incluso anos sen arranxarse, outras que se van incorporando e a empresa que non quere gastar os cartos nestas cousas.

Comisión de Xestión: Na CX do pasado 19 de setembro tratáronse os seguintes temas:

Comercial TMK Saída: a empresa non quixo entrar no tema alegando que hai demandas postas por esta cuestión, dende a CIG lembrámoslle que aínda a día de hoxe non se nos informou dos criterios para a formación do grupo. Lembramos que por riba viron modificadas as súas condicións laborais a pesares de que a empresa dixera que non as variaría.

Tamén falamos das gravacións a que está sometido o persoal deste departamento onde se está a gravar case todo o tempo de traballo, conversas persoais incluídas. É un método desproporcionado, invasivo e innecesario; se a cousa se fixese con criterios formativos faríase doutra maneira, o que se pretende é usar as gravacións como unha medida máis de control e presión sobre os traballadores e traballadoras.

Outro tema de comercial foi o das involucións/evolucións nesta provincia pois houbo moitas máis involucións que evolucións, o responsable da empresa non quixo nin aportar os datos do territorio, as explicacións que ten dado na reunión non son serias nin cribles.

Por como foi a reunión coa empresa no punto de comercial, onde o xerente falou moito pero non dixo case nada, entrando en contradicións e dicindo cousas que non son certas, acordamos pedir unha reunión co director indicando que a reunión co xerente non resolveu as dúbidas que se lle presentaron.

Sobre a proposta que presentamos a CIG no pleno anterior, posposta ata a celebración desta Comisión de Xestión, acórdase enviar un escrito á empresa solicitando que deixe de gravar, e recordándolle que asumiron o compromiso de informar aos traballadores e traballadoras de Comercial sobre como se están a facer as gravacións.

Sobre o tema da formación de necesario cumprimento, a empresa ten dito que son cursos necesarios e importantes aínda que se están a facer de xeito teledidáctico, e nalgún caso aparece como completado o curso só con inicialo, se son tan importantes que os fagan presenciais. Tamén se nos dixo que en Comercial, onde había problemas para realizalos, darán o tempo necesario para facelos con intervalos non menores de dúas horas.

Na cuestión do CTNC case non se falou ren, só se dixo que hai un grupo de traballo en Tarragona que está axudando na provisión pois seica non hai persoal abondo na Coruña. Cando se desmantelou o CNOC, levando a actividade para Valladolid, e dándolle ao persoal do CNOC a actividade de provisión que facían eles, a escusa era ter a todo o persoal na Coruña; hoxe usan o argumento contrario. A falta de persoal en moitos departamentos solúciouse creando emprego e non destruíndoo tal e como se está a facer neste empresa.

Tamén se falou, unha vez máis, de OdR (O+M) e as quendas de traballo inasumibles que están a soportar, a empresa segue sen tomar decisións ao respecto e está a cambiar a quenda dos traballadores a metade de semana co que nunha mesma semana están de mañá, de tarde, de noite presencial e de dispoñible de noite. Quén pode conciliar a vida laboral e persoal con estas quendas?

Quedamos en enviar un escrito ao Intercentros sobre a situación en OdR para que coñezan como están as cousas e actúen, se así o consideran... Na nosa web podes acceder ao informe completo da Comisión de Xestión:

http://www.cigtelefonica.com/coruna/pdf/2014/cx_06.pdf

3.- Varios - Prórroga do CC: UGT presenta unha proposta para que o Comité da Coruña se dirixa ao Intercentros para buscar unha nova prórroga do convenio. Para a CIG a función principal da representación dos traballadores é conseguir melloras nas nosas condicións laborais, con esta proposta estase confesando a impotencia para facer o seu traballo ademais de renunciar, por parte de quen ten a responsabilidade de facelo, a negociar un novo CC.

A prórroga actual variou á baixa o convenio, por iso non se lle debería chamar prórroga, implicou unha perda salarial e de dereitos moi importante como as aportacións ao plan de pensións e a prestación do seguro de supervivencia ou a Clasificación Profesional. Por non falar de medidas que van aplicando nas sucesivas reunións das mesas de negociación onde se acordan cuestións que benefician á empresa a costa dos nosos dereitos, non hai máis que ver como están en Comercial ou en O+M co acordo das dispoñibilidades.

A CCOO non lle gusta o redactado de UGT e acorda con eles outro redactado máis curto pero tamén para o mesmo: dirixirse ao Intercentros para buscar unha nova prórroga. Esta proposta votouse co seguinte resultado:

- A favor: 7 (CCOO e UGT) | En contra 5 (CIG, AST e CGT) | Abstencións 0